

BASES DEL SORTEO

A Compañía de Tranvías da Coruña, S.A. organiza un sorteo de 7 bicicletas pregables e 7 tarxetas de 200 viaxes desde o 16 ao 21 de setembro de 2025, ambos os incluídos.

A promoción informarase e divulgará a través de distintos medios de comunicación tales como a nosa páxina Web <https://www.tranviascoruna.com>, os nosos perfís de Instagram, Facebook e X (anteriormente Twitter) alén da carteleira correspondente.

DATOS DE IDENTIFICACION DO PRESTADOR DO SERVICIO

Compañía de Tranvías da Coruña, S.A.

Dominio: <https://www.tranviascoruna.com>

CIF: A15.000.227

Domicilio: Crta. Fortes, nº 4, CP.- 15.011, A Coruña

Teléfono: 981.250.100 / 900.799.192

Correo electrónico a efectos do concurso: correo@tranviascoruna.com

BASES DO CONCURSO ORGANIZA

Compañía de Tranvías da Coruña, S.A.

TEMA

O obxectivo é sortear diariamente 1 bicicleta pregable e unha tarxeta de 200 viaxes durante o período indicado.

PARTICIPANTES

Todas as persoas usuarias do transporte público urbano na Coruña, que acudan á nosa caseta situada en Praza Fábrica de Tabacos, desde o 16 ao 21 de setembro de 2026, ambos os incluídos.

MECÁNICA DO CONCURSO

A participación no sorteo será gratuíta e estará aberta a todas aquelas persoas que acudan á nosa caseta durante o período comprendido entre o 16 e o 21 de setembro de 2026, ambos os días incluídos, e formalicen previamente o seu rexistro de participación. Unha vez realizado o rexistro, asignarase a cada participante un número de participación.

Durante cada un dos días comprendidos no devandito período realizarase un sorteo, no que se adxudicarán os seguintes premios:

- Días 16, 17, 20 e 21/09/2026: 1 bicicleta e 1 tarxeta de Tranvías de 200 viaxes
- Día 18/09/2026:
 - 1 bicicleta
 - Cine ó aire libre: 1 Tarxeta de Tranvías de 200 viaxes.
 - Mobility 1 bicicleta pregable.
- Día 19/09/2026:
 - 1 tarxeta de bono-bus
 - Roteiro: 1 Tarjeta de Tranvías de 200 viajes.
 - Cine ó aire libre: 1 bicicleta pregable.

Os números de participación resultantes como premiados publicaranse o seguinte día laborable nos perfís oficiais da entidade organizadora en Instagram, Facebook e X (anteriormente Twitter).

PRAZO DO SORTEO

O prazo do sorteo será desde o 16 ata o 21 de setembro de 2026, ambos inclusive.

PREMIOS

Adxudicarase cada día vos seguintes premios durante a vixencia do sorte:

- Días 16, 17, 20 e 21/09/2026: 1 bicicleta e 1 tarxeta de Tranvías de 200 viaxes
- Día 18/09/2026:
 - 1 bicicleta
 - Cine ó aire libre: 1 Tarxeta de Tranvías de 200 viaxes.
 - Mobility 1 bicicleta pregable.
- Día 19/09/2026:
 - 1 tarxeta de bono-bus
 - Roteiro: 1 Tarjeta de Tranvías de 200 viajes.
 - Cine ó aire libre: 1 bicicleta pregable.

A Compañía de Tranvías da Coruña, S.A. resérvase en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír o premio por outro de similares características. O premio non poderá intercambiarse por calquera outro ou por diñeiro en metálico.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega das bicicletas pregables ou das tarxetas realizarase no Acto do Día sen Coches o onde se acorde coa persoa gañadora.

NOTAS

O rexistro de para participar no sorteo supón a aceptación destas bases. En caso de non ser aceptadas no momento do rexistro. Non poderá ser tido en conta no sorteo diario.

A organización resérvase o dereito de resolver aquelas incidencias que non estean contempladas neste regulamento.

Correrán a cargo do gañador os impostos e gastos, calquera que sexa a súa natureza que puidesen derivarse dos premios; así mesmo, para a entrega dos premios será de carácter obrigatorio a presentación da copia do rexistro e do documento que acredite a súa identidade.

No caso de que o presente sorteo quedase suspendido por causas de forza maior, a Compañía quedará eximida de calquera responsabilidade sobre o mesmo.

PROTECCIÓN DE DATOS

Para a xestión e desenvolvemento do presente concurso será necesario o tratamento de datos privados das persoas participantes. A Compañía tratará os datos facilitados polas persoas participantes coa finalidade de xestionar a súa participación no concurso, realizar o sorteo, comunicar e xestionar a entrega dos premios e, no seu caso, contactar coas persoas gañadoras.

A Compañía será a responsable do tratamento dos datos privados, que serán tratados de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos privados.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para xestionar o concurso e atender as posibles responsabilidades derivadas do mesmo, sen prexuízo dos prazos de conservación que poidan resultar exixibles legalmente.

De igual modo, en cumprimento das normativas vixentes en materia de protección de datos privados, informamos que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos datos dirixíndose a Compañía de Tranvías da Coruña, S.A. na dirección: lodp@tranviascoruna.com, para máis información ao respecto, pode consultar a nosa Política de Privacidade en www.tranviascoruna.com. Finalmente, lembrámoslle, o seu dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos en www.aepd.es.